



## Facultade de Biología

### Presentación

<http://biologia.uvigo.es/gl/facultade/presentacion>

### Equipo Decanal

<http://biologia.uvigo.es/gl/facultade/equipo-decanal>

### Página web

<http://biologia.uvigo.es/gl/>

## Grao en Biología

### Materias

#### Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02G031V01101	Biología: Evolución	1c	6
V02G031V01102	Física: Física dos procesos biológicos	1c	6
V02G031V01103	Xeología: Xeología	1c	6
V02G031V01104	Matemáticas: Matemáticas aplicadas á biología	1c	6
V02G031V01105	Química: Química aplicada á biología	1c	6
V02G031V01106	Biología: Solo, medio acuático e clima	2c	6
V02G031V01107	Estatística: Bioestatística	2c	6
V02G031V01108	Biología: Técnicas básicas de laboratorio	2c	6
V02G031V01109	Biología: Técnicas básicas de campo	2c	6
V02G031V01110	Biología: Ferramentas informáticas en biología	2c	6

#### Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02G031V01201	Bioquímica I	1c	6
V02G031V01202	Botánica I: Algas e fungos	1c	6

V02G031V01203	Citoloxía e histoloxía animal e vexetal I	1c	6
V02G031V01204	Microbioloxía I	1c	6
V02G031V01205	Zooloxía I: Invertebrados non artrópodos	1c	6
V02G031V01206	Bioquímica II	2c	6
V02G031V01207	Botánica II: Arqueogoniadas	2c	6
V02G031V01208	Citoloxía e histoloxía animal e vexetal II	2c	6
V02G031V01209	Xenética I	2c	6
V02G031V01210	Zooloxía II: Invertebrados artrópodos e cordados	2c	6

#### **Curso 3**

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02G031V01301	Ecoloxía I	1c	6
V02G031V01302	Fisioloxía animal I	1c	6
V02G031V01303	Fisioloxía vexetal I	1c	6
V02G031V01304	Xenética II	1c	6
V02G031V01305	Inmunoloxía e parasitoloxía	1c	6
V02G031V01306	Ecoloxía II	2c	6
V02G031V01307	Fisioloxía animal II	2c	6
V02G031V01308	Fisioloxía vexetal II	2c	6
V02G031V01309	Microbioloxía II	2c	6
V02G031V01310	Técnicas en bioloxía celular e molecular	2c	6

#### **Curso 4**

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V02G031V01401	Xestión e control de calidade	1c	6
V02G031V01402	Contaminación	2c	6
V02G031V01403	Bioinformática	2c	6
V02G031V01404	Redacción e execución de proxectos	2c	6
V02G031V01405	Bioquímica e inmunoloxía clínicas	1c	6
V02G031V01406	Microbioloxía e parasitoloxía sanitarias	1c	6
V02G031V01407	Bioloxía celular e fisioloxía integrativas: Implicacións na saúde	1c	6
V02G031V01408	Xenética humana e patoloxía molecular	1c	6
V02G031V01409	Análise e diagnóstico agroalimentario	1c	6
V02G031V01410	Biotecnoloxía aplicada á producción animal	1c	6
V02G031V01411	Biotecnoloxía aplicada á producción vexetal	1c	6
V02G031V01412	Biotecnoloxía aplicada á producción microbiana	1c	6

V02G031V01413	Análise e diagnóstico medioambiental	1c	6
V02G031V01414	Avaliación de impacto ambiental	1c	6
V02G031V01415	Biodiversidade: Xestión e conservación	1c	6
V02G031V01416	Xestión e conservación de espazos	1c	6
V02G031V01981	Prácticas externas	2c	6
V02G031V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	12

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Biología: Evolución

Materia	Biología: Evolución			
Código	V02G031V01101			
Titulación	Grao en Biología			
Descriidores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Bioloxía vexetal e ciencias do solo Bioquímica, xenética e inmunoloxía Ecoloxía e bioloxía animal Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Rolán Álvarez, Emilio			
Profesorado	Díez Ferrer, José Bienvenido Megías Pacheco, Manuel Rolán Álvarez, Emilio Velando Rodríguez, Alberto Luís			
Correo-e	rolan@uvigo.es			
Web	<a href="http://evolucion.webs7.uvigo.es/index.html">http://evolucion.webs7.uvigo.es/index.html</a>			
Descripción xeral	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudiantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			
Páxina WEB de divulgación onde se atopan boa parte dos contidos da materia				

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudiantes demostrasesen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, áinda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúa tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B2	Xestionar información científico-técnica de calidade utilizando fontes diversas. Analizar datos e documentos e interpretalos de forma crítica e rigorosa, incluíndo reflexións sobre a súa relevancia social e no ámbito profesional da Bioloxía.
B6	Desenvolver as capacidades de análises e sínteses, de razoamento crítico e argumentación, aplicándolas en contextos propios da Bioloxía e outras disciplinas científico-técnicas.
C1	Resolver problemas aplicando o método científico, os conceptos e a terminoloxía específica da Bioloxía, os modelos matemáticos e as ferramentas estadísticas e informáticas.
C2	Recoñecer os niveis de organización dos seres vivos mediante o estudo de espécímenes actuais e fósiles. Realizar análise filoxenéticos e interpretar os mecanismos da herdanza, a evolución e a biodiversidade.
C6	Comprender e integrar o funcionamento dos seres vivos (nivel celular, tisular, orgánico e individuo), interpretando as súas respuestas homeostáticas e adaptativas.
C7	Muestrear, caracterizar, catalogar e xestionar recursos naturais e biolóxicos (poboacións, comunidades e ecosistemas).
D3	Comprometerse coa sustentabilidade e medio ambiente. Uso de forma equitativa, responsable e eficiente dos recursos.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Recoñecer as probas que confirman a existencia de evolución bioloxica.	A1    B2    C7    D3 A2    B6
Recoñecer os mecanismos que determinan a evolución bioloxica.	A1    B2    C2 B6
Reunir unha visión integral da historia da vida e dos seus momentos más determinantes mediante o estudo do rexistro fósil e os organismos actuais.	B2    C6
Recoñecer as principais hipóteses e probas existentes en relación á evolución de nosa propia especie.	A1    B2 A2    B6
Recoñecer, examinar, e identificar espécímenes fósiles e as súas aplicacións.	A1    B2    C7

Identificar e dar a coñecer as adaptacións dos seres vivos.	A1 A2	C1 C6
Recoñecer a proxección social da evolución e a súa repercusión no exercicio profesional, así como saber dar a coñecer os seus contidos para impartir docencia e durante a súa divulgación.	A1	B6
Recoñecer e reproducir os conceptos e terminoloxía básicos propios da teoría evolutiva.	A1	B6

## Contidos

### Tema

Introdución (3 horas)	1. Evidencias sobre a evolución. Concepto de Evolución. Evidencias do feito da evolución.  2. Historia das ideas evolutivas. Dende a antigüedad até a modernidade. Charles Darwin e a eclipse do Darwinismo. A síntese evolutiva moderna. A evolución no século 20. A actualidade.  3. Evolución e sociedade. Aplicacións actuais da teoría evolutiva. A evolución e a relixión.
Os mecanismos evolutivos (10 horas)	4. Introdución á teoría evolutiva. Estrutura da teoría. Mutacións. Deriva xenética. Migración. Selección natural.  5. Selección natural e adaptación. Os caracteres obxecto da selección. Algunxs conceptos básicos: selección natural, eficacia biolóxica e adaptación. Plasticidad fenotípica e adaptación. Tipos de selección natural.  6. Medida da selección natural. A selección natural e a súa descomposición práctica en compoñentes. A medida da selección en caracteres cualitativos. A medida da selección en caracteres cuantitativos. A selección sexual e a súa medida. Potencialidade e límite da selección natural.  7. Cooperación e conflito. A cooperación e o altruísmo. O estudo do conflito evolutivo.
As especies e as súas interaccións evolutivas (3 horas)	8. Especies e especiación. Concepto de especie e de illamento reprodutivo. A medida do illamento reprodutivo. A formación das especies.  9. Coevolución. Interaccións entre especies e selección natural. Coevolución negativa: depredación, parasitismo e competencia. Coevolución positiva: mutualismo e simbiose.  10. Evolución e Desenvolvemento. Desenvolvemento en organismos modelo. Ferramentas Evo-Devo. Exemplos de Evo-Devo. Canalización e converxencia.
Rexistro fósil (4 horas)	11. Natureza e significado do rexistro fósil. Importancia e representatividade do rexistro fósil.  12. Relación entre a historia da vida e a terra. Os principais eventos biolóxicos ao longo da historia xeolóxica.
Orixé e diversificación da vida (9 horas)	13. A orixe da vida. Datos teorías e problemas.  14. A árbore da vida. Ferramentas e métodos de inferencia.  15. Bacterias, arqueas e eucariotas. Relacións evolutivas.  16. Orixé e diversificación de organismos multicelulares. Orixé e consecuencias da multicelularidad.  17. Macroevolución. Patróns e explicación da macroevolución.
Evolución humana (6 horas)	18. A liñaxe humana: historia evolutiva de primates e homínidos. Rexistro fósil e estudos de material xenético antigo.  19. Evolución e diversidade de caracteres humanos. Cerebro e linguaxe. Teoría da mente. Estratexias vitais: compromisos evolutivos, senescencia.  20. Evolución social en homínidos. Sistemas de apareamiento e selección sexual. Selección familiar. Cooperación e altruísmo.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	13	26	39
Saídas de estudo	3	6	9
Lección maxistral	36	54	90
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Prácticas de laboratorio	<p>Realizaranse prácticas de 3 ou 4 horas cada unha:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reconocemento e interpretación do rexistro fósil (3 horas). Os alumnos enfrontaranse a unha serie estatigráfica real, con fósiles incluídos no seu ambiente tafonómico e terán que aprender as claves da súa interpretación.</li> <li>2. Análise filoxenético (3 horas). Os obxectivos principais da práctica é que os alumnos aprendan a aplicar as ferramentas mais sínxelas de análises filoxenético. Para iso utilizasen un conxunto pequeno de datos de diferentes especies, e seleccionando os caracteres, exporán unha hipótese filoxenética dese conxunto de organismos, co fin de realizar as interpretacións evolutivas entre os grupos.</li> <li>3. Evolución humana (4 horas). Unha das principais ferramentas da evolución humana é a comparación de cráneos de diferentes especies de homíninos. A práctica permitirá que os alumnos infiran as relacións evolutivas na liñaxe humana utilizando unha colección de réplicas de cráneos fósiles. Ademais, replicarase un experimento sobre selección social en humanos co fin de coñecer e interpretar os estudos evolutivos sobre a conduta humana.</li> <li>4. Práctica de visualización de vídeos (3 horas). Formato de comunicación audiovisual e divulgación evolutiva. Visionado de series de vídeos evolutivos. Discusión e repaso de conceptos e mecanismos evolutivos. Elaboración de informe de comprensión dos vídeos visualizados polo alumno. Explicación do protocolo de elaboración de guións para realizar vídeos curtos. Elaboración, por parte do alumno, dun guión para un vídeo evolutivo.</li> </ol>
Saídas de estudo	Os alumnos desprazánsense a unha zona do intermareal rochoso (Costa de Cabo Estai) co fin de observar cópulas in situ dunha ou varias especies para poder estimar o compoñente de eficacia sexual para algun carácter de fácil determinación como é a cor da cuncha. Tamén estudarán para os mesmos caracteres a frecuencia do mesmo en diferentes estadíos do ciclo de vida, co fin de estimar o compoñente de viabilidade.
Lección maxistral	Aos alumnos explícaselles o temario principal da materia por medio de clases amenas, aderezadas coa presentación dalgún vídeo profesional ocasional. Os alumnos estarán presentes en forma dun só grupo presencial. Na plataforma docente poderán dispor de material didáctico de apoio, presentacións en pdf, etc. Tamén disporán da información (aínda non é completa) explicada en forma de texto e imaxes na páxina WEB que se está desenvolvendo para a materia: <a href="http://evolucion.webs7.uvigo.es">http://evolucion.webs7.uvigo.es</a>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Saídas de estudo	Os alumnos disporán de tempo de tutoría de atención especializada, con horarios e localización descritos para cada profesor na plataforma docente, onde se poderán aclarar dúbihdas durante a realización da saída de estudo.
Lección maxistral	Os alumnos disporán de tempo de tutoría de atención especializada, con horarios e localización descritos para cada profesor na plataforma docente, onde se poderán aclarar dúbihdas durante as clases maxistrais.

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	O profesor responsable avaliará cada práctica mediante informe escrito, enquisa ou traballo práctico dependendo de cada caso.	20	B2 B6 C1 C2 C6 C7
Saídas de estudo	A avaliação realizarase mediante unha enquisa individual realizada na plataforma docente correspondente	5	B2 B6 C1 C2 D3 C7

Lección maxstral	Ao final de curso realizarase una proba de tipo test (preferentemente) pero que tamén pode levar algun problema co obxectivo de avaliar as clases presenciais	40	A1 A2	B2 B6	C1 C2 C6	D3
Exame de preguntas obxectivas	Realizar dous parciais, a metade de curso e ao final (antes da proba final tipo test- ver lección maxstral). Neste caso faranse preguntas, preferentemente, de concepto e de resposta curta o problemas.	35		B2 B6	C1 C2	C6

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### EVALUACIÓN CONTINUA:

A materia está diseñada pra que sexa mais sincelo obter unha calificación positiva seguindo o método de evaluación continua.

O modelo de avaliação pasa por presentarse a:

1. Prácticas (incluindo saída de estudios) e o seu correspondente método de avaliação
2. Dous parciais da materia que incluyen partes diferentes do temario
3. Final tipo test de toda a materia

A asistencia a prácticas (incluída a saída de estudio) e parciais e OBRIGATORIA, perderse algunha sin xustificación podería ser razón suficiente para suspender a avaliação final da mesma. En ningún dos apartados (1-3) anteriores poderá sacarse menos dun 2.5 para APROBAR a asignatura.

### EXAMEN DE SEGUNDA OPORTUNIDADE:

O exame de segunda oportunidade consiste en repetir o exame final tipo test de TODA a materia, manténdose as notas de prácticas e parciais a lo menos durante o mesmo curso.

### EVALUACIÓN GLOBAL:

No obstante, EXCEPCIONALMENTE, o decanato facilitará una fecha límite que permita apuntarse a un mecanismo de avaliação global. Baixo dito mecanismo, o alumno RENUNCIA a avaliação continua pero ten dereito a un exame único por escrito que inclúa a avaliação de TODAS as partes da asignatura (Prácticas, Parciais, Exame final tipo test).

Dito exame coincidirá cas datas do exame final tipo test de primeira e segunda oportunidade. Dita modalidade non é, en xeral recomendable, pois soe ser mais difícil de obter unha cualificación positiva. Pode ser recomendable solo para alumnos que por diversas razons (Erasmus, etc) non poidan asistir a todas as evaluación polo método continuo.

### HORARIOS E FECHAS DE EXAMEN:

Os horarios das actividades da asignatura podense encontrar en: <https://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios/>

As datas e aulas dos examenes aparecerán na seguinte dirección WEB desde principio do curso:  
<http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenes/>

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Megias, Gefaell y Rolán-Alvarez, **Evolución:** <http://evolucion.webs7.uvigo.es/index.html>, Universidade de Vigo, actualización contin

### Bibliografía Complementaria

Freeman y Herron, **Análisis evolutivo**, 2 edición, Pearson Educación, 2002

Futuyma, **Evolution**, 2 Edición, Sinauer associates, 2009

Boyd y Silk, **How Humans Evolved?**, 4 Edición, Norton and co., 2005

Fontdevila y Moya, **Evolución: origen, adaptación y divergencia de las especies**, 1 Edición, Síntesis, 2003

Dopazo y Navarro, **Evolución y adaptación: 150 años después del origen de las especies**, Obra propia (difusión gratuita), 2009

Saetre y Ravinet, **Evolutionary Genetics**, 1 Edición, Oxford, 2019

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Xenética I/V02G031V01209

Zooloxía I: Invertebrados non artrópodos/V02G031V01205



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Física: Física dos procesos biolóxicos

Materia	Física: Física dos procesos biolóxicos			
Código	V02G031V01102			
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Física aplicada			
Coordinador/a	Ulla Miguel, Ana María			
Profesorado	Mato Corzón, Marta María Pérez Iglesias, María Teresa Ulla Miguel, Ana María			
Correo-e	ulla@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Coñecer a fenomenoloxía biolóxica a partir das leis e principios que marca a Física, o que permitirá ao estudiantado analizar e interpretar o medio, así como entender o deseño de modelos de procesos biolóxicos. Comprender os conceptos físicos fundamentais para entender os principios de trabalho dos instrumentos e a súa aplicación a distintas técnicas de medida e control. Analizar e interpretar as adaptacións dos seres vivos ao medio, terrestre ou externo, e o seu comportamento utilizando as leis e conceptos físicos ou astrobiolóxicos. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudiantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. Tamén, fai emprego da plataforma de teledocencia MOOVI.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudiantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, áinda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B2	Xestionar información científico-técnica de calidade utilizando fontes diversas. Analizar datos e documentos e interpretalos de forma crítica e rigorosa, incluíndo reflexións sobre a súa relevancia social e no ámbito profesional da Bioloxía.
B6	Desenvolver as capacidades de análises e sínteses, de razonamento crítico e argumentación, aplicándoas en contextos propios da Bioloxía e outras disciplinas científico-técnicas.
C1	Resolver problemas aplicando o método científico, os conceptos e a terminoloxía específica da Bioloxía, os modelos matemáticos e as ferramentas estadísticas e informáticas.
C3	Realizar e interpretar análises moleculares, físico-químicos e biolóxicos, incluíndo mostras de orixe humana. Realizar ensaios e probas funcionais en condicións normais e anómalias.
C6	Comprender e integrar o funcionamento dos seres vivos (nivel celular, tisular, orgánico e individuo), interpretando as súas respuestas homeostáticas e adaptativas.
C8	Describir, avaliar e planificar o medio físico, usar bioindicadores e identificar problemas ambientais. Achegar solucións para o control, seguimento e restauración dos ecosistemas.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade más xusta e igualitaria.
D2	Comunicarse por oral e por escrito en lingua galega.
D4	Colaborar e traballar en equipo ou en grupos multidisciplinares, fomentar a capacidade de negociación e de alcanzar acordos.

## Resultados previstos na materia

### Resultados previstos na materia

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer a fenomenoloxía biolóxica a partir das leis e principios que marca a Física, o que permite ao estudiantado analizar e interpretar o medio, así como entender o deseño de modelos de procesos biolóxicos.	A1	B2	C1	D1
		B6	C6	D2

Comprender os conceptos físicos fundamentais para entender os principios de traballo dos instrumentos e a súa aplicación a distintas técnicas de medida e control	A1 A3	B2 B6	C1 C8	D1 D2 D4
Analizar e interpretar as adaptacións dos seres vivos ao medio, terrestre ou externo, e o seu comportamento utilizando as leis e conceptos físicos ou astrobiolóxicos.	A3	B6	C3 C6	D1 D2 D4
Aplicar coñecementos de Física para comprender como avaliar e resolver problemas físicos que contribúan a diagnosticar e solucionar problemas ambientais.	A1 A3	B2 B6	C1 C8	D2 D4
Comprender a proxección social da Física e a súa repercusión nos contextos biolóxico ou astrobiolóxico.	A3	B6	C8	D1 D2
Coñecer e manexar os conceptos, terminoloxía e instrumentación científico-técnica relativos á materia <b>Física dos Procesos Biolóxicos</b> .	A1 A3	B2 B6	C1	D2 D4

## Contidos

### Tema

0. Tema de repaso	0.1 Introdución. 0.2 Magnitudes. 0.3 Unidades. 0.4 Conversións.
1. Biomecánica	1.1 Principios do movemento. 1.2 Tipos de movemento. 1.3 Equilibrio. 1.4 Forzas e momentos.
2. Leis da Termodinámica	2.1 Calor e temperatura. 2.2 Principios da Termodinámica. 2.3 Transmisión da calor.
3. Fluídos	3.1 Estática de fluídos. 3.2 Fenómenos de superficie. 3.3 Dinámica de fluídos. 3.4 Movemento de corpos no interior de fluídos.
4. Ondas	4.1 Propiedades das ondas. 4.2 Ondas sonoras. 4.3 Ondas electromagnéticas.
5. Óptica	5.1 Principios de Óptica. 5.2 Óptica xeométrica. 5.3 Lentes.
6. Radiación e radioactividade	6.1 O núcleo e as partículas. 6.2 Radioactividade natural. 6.3 Aplicacións da radioactividade.
7. Astrobioloxía	7.1 As bases da vida no Universo. 7.2 A busca de vida no Sistema Solar e nos exoplanetas.
Programa de prácticas de laboratorio	Teoría de errores e a súa avaliación (Coñecementos previos) 1. Medidas de lonxitude e superficie. 2. Medida de densidade de sólidos e líquidos. 3. Medida de viscosidade dun líquido. 4. Medida de tensión superficial dun líquido. 5. Medida da calor específica por método de mesturas. 6. Muelles. 7. Lentes.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	8	6	14
Prácticas de laboratorio	20	20	40
Traballo tutelado	0	10	10
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14
Autoavaliación	0	2	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Seminario	Clases de seminarios/problemas: os problemas versarán sobre casos prácticos de aplicación da teoría, con datos numéricos e emprego das ferramentas matemáticas e/ou informáticas necesarias.

Prácticas de laboratorio	Clases prácticas de laboratorio: realizaranse no laboratorio 21 bloque C 3º andar. Cada práctica ten un guión que, previamente á súa realización, será entregado a cada alumna e alumno. Os resultados obtidos tras a realización de cada práctica no laboratorio serán entregados polo alumnado para a súa avaliación.
Traballo tutelado	Traballos en grupo: realizarase un traballo en grupo sobre aspectos físicos aplicados á Bioloxía.
Lección maxistral	Clases teóricas: serán impartidas nun aula e nelas desenvolveranse os contidos teóricos do programa.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os problemas con resolución de forma autónoma serán propostos como reforzo, e versarán sobre casos prácticos similares aos tratados no contexto de seminarios e prácticas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Lección maxistral	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Seminario	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Traballo tutelado	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Resolución de problemas de forma autónoma	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Probas	Descripción
Exame de preguntas de desenvolvemento	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.
Autoavaliación	As titorías, en caso necesario, terán lugar mediante cita previa: nos despachos dos profesores/as, ou por medios TIC.

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	As prácticas e os resultados de prácticas son o 20% da nota.	20 A1 A3 B6 C6 D4 C8	A1 B2 C3 D2 A3 B6 C6 D4 C8
Traballo tutelado	Realizarase un traballo en grupo que, deberá ser exposto, todo o cal supón o 16% da nota.	16 A1 A3 B6	A1 B2 C1 D1 A3 B6 D2 D4
Lección maxistral	Os contidos expostos nas clases (teoría) supoñen unha parte importante da nota global. Realizarase a súa avaliação integrada no contexto das probas escritas e/ou exames, contando un 20%. Estes exames son específicos de teoría. Propónese que haxa dúas probas liberadoras de materia, pero cada unha delas debe ser superada cun mínimo de 4 puntos sobre 10, para que sexan tidas en conta na avaliação continua.	20	A1 B2 C6 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os problemas supoñen unha parte importante da nota global. Realizarase a súa avaliação integrada no contexto das probas escritas e/ou exames, contando un 40%. Estes exames son específicos de problemas. Propónese que haxa dúas probas liberadoras de materia, pero cada unha delas debe ser superada cun mínimo de 3,5 puntos sobre 10, para que sexan tidas en conta na avaliação continua.	40 A1 A3 B6	B2 C1 D1 B6 D2
Autoavaliación	Poderase incluir un escrito razonado de autoavaliación que poderá supoñer ata un 4% da nota como máximo.	4 A1 A3	B6 C1 D1 D2 D4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliação realizarase mediante a suma das notas de catro probas escritas (dúas de teoría e dúas de problemas), as prácticas, un escrito razonado de autoavaliación e un traballo de curso en grupo (e a súa exposición). Todas as actividades prácticas desta materia (en laboratorio, aula informática, seminario, etc.) teñen a consideración de experimentais.

As probas de teoría supoñen o 20% da nota global; as de problemas o 40%; as prácticas o 20%; a autoavalación un 4%; e o traballo, xunto coa súa correspondente exposición oral, o 16%. Cada proba de teoría ou problemas debe ser superada cun 4 e 3,5, respectivamente, sobre 10 para poder facer media na avaliación continua. A 1<sup>a</sup> proba de teoría xunto coa 2<sup>a</sup> de problemas, poderán compensarse para obter un mínimo de 5 puntos (aprobado) no seu conxunto. Igualmente para as probas 3<sup>a</sup> (teoría) e 4<sup>a</sup> (problemas). Calquera delas que non supere 3,5 ou 4 puntos, segundo corresponda, sobre 10 --e que non puidese ter sido compensada-- deberá ser recuperada, cunha nota mínima de 5, no exame final da materia. O dito exame final NON é para subir nota, posto que as probas anteditas son liberadoras de materia ao longo do curso en sistema de avaliación continua. A asistencia a seminarios, e a realización e entrega de todas as prácticas, son obligatorias para superar a materia. Posibles casos particulares e/ou con circunstancias especiais serán considerados individualmente exclusivamente.

Considerarase N.P. aquellas/es alumnas/os que non se presenten a ningunha das probas puntuables. Quen non se presente ou non entregue alguma das probas/prácticas/traballo/exposiciones puntuables recibirá como nota de curso o promedio pesado das notas obtidas, pero ponderado por un factor 0,5.

## 2<sup>a</sup> OPORTUNIDADE:

As mesmas condicións repítense para o exame de 2<sup>a</sup> oportunidade en xullo.

## AVALIACIÓN GLOBAL:

O alumnado poderá comunicar, no 1º mes de curso, a súa renuncia ao sistema de avaliación continua. No dito caso, a realización e entrega de todas as prácticas é obligatoria para superar a materia en todo caso.

DATAS EXAMES CURSO NA WEB DA FACULTADE (<http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/exames>)

HORARIOS DE CURSO: <http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios/>

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Simon Mochrie , Claudia De Grandi, **Introductory Physics for the Life Sciences**, Springer, 2023

David V. Guerra, **Introductory Physics for the Life Sciences: Volumes I and II**, Routledge Taylor & Francis Group, 2023

### Bibliografía Complementaria

A. Cromer, **Física para las ciencias de la vida**, Ed. Reverté, 1991,

D. Jou, E. Llebot, C. Pérez García, **Física para Ciencias de la Vida**, Ed. McGraw Hill, 1994,

Hugh D. Young, Roger A. Freedman, **Física universitaria : con física moderna**, Pearson Educación, 2018,

Philip Nelson, **Física biológica : energía, información, vida**, Reverte, cop. 2005,

J.A. Fidalgo, M. Fernández, **Física general**, Everest, D.L. 2000,

Álvaro Giménez Cañete et al., **Astrobiología : sobre el origen y evolución de la vida en el universo**, Los Libros de la Catarata : CSIC, 2011,

Carlos Briones Lorente, **¿Estamos solos?**, Editorial Crítica, 2020,

Emilio J. Sánchez Barceló, **Hicimos la luz... y perdimos la noche : efectos biológicos de la luz**, Universidad de Cantabria, 2017

Emilio J. Sánchez Barceló, ...**Porque la noche ya no es oscura: Los efectos de la contaminación lumínica**, BABIDI-BU LIBROS, 2023

## Recomendacións

### Outros comentarios

Os horarios xerais poden atoparse na paxina WEB da FACULTADE DE BIOLOXÍA:

<http://bioloxia.uvigo.es/gl/docencia/horarios>

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Xeoloxía: Xeoloxía**

Materia	Xeoloxía: Xeoloxía			
Código	V02G031V01103			
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Francés Pedraz, Guillermo			
Profesorado	Alejo Flores, Irene Fontán Bouzas, Ángela Francés Pedraz, Guillermo García Gil, María Soledad Gil Lozano, Carolina Marino , Gianluca Nombela Castaño, Miguel Angel Pérez Arlueca, Marta María			
Correo-e	gfrances@uvigo.gal			
Web	<a href="http://bioloxia.uvigo.es/es/">http://bioloxia.uvigo.es/es/</a>			
Descripción xeral	<p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudiantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p> <p>Nesta materia analízase o funcionamento básico do medio físico no que se asenta e se desenvolve a biosfera actual. Para iso estúdianse os medios sedimentarios (continentais, costeiros e mariños) desde un punto de vista actualista que permita sentar as bases para a comprensión da interacción dos seres vivos coa contorna na que habitan. Desde este punto de vista, a materia aporta un coñecemento básico e complementario aos conceptos que se desenvolven noutras materias do plan de estudios, sobre todo aquellas relacionadas coa Zooloxía, a Botánica e a Ecoloxía.</p> <p>Así mesmo, a introdución da dimensión temporal permite suscitar as cuestións básicas sobre a orixe e evolución do Sistema Terrestre en xeral, e da biosfera en particular, aspectos que favorecerán a comprensión dos conceptos relacionados coa biodiversidade e a evolución orgánica, así como coa organización e evolución das poboacións e dos ecosistemas.</p> <p>Os profesionais da Bioloxía, como doutras ciencias, a miúdo desenvolven o seu traballo en equipos pluridisciplinares, polo que o biólogo deberá coñecer a terminoloxía e os conceptos básicos da Xeoloxía que sexan aplicables a diferentes competencias profesionais de estos graduados. Máis concretamente, o profesional que desenvolva as súas funcións no ámbito do medioambiente, os profesionais agropecuarios, ou os adicados á información, documentación e divulgación deberán manexar conceptos xeolóxicos que lles permitan intercambiar información con outros profesionais, comprender os procesos biolóxicos desde un punto de vista global e tomar decisións más acertadas.</p> <p>Unha repercusión particular da Xeoloxía no perfil profesional do biólogo incumbe á docencia nos ensinos de grao medio. Tal e como se teñen estructurado nos últimos anos ditos ensinos, as probas de acceso e os contidos que deberán desenvolver tales docentes inclúen unha boa parte de aspectos vinculados con a Xeoloxía.</p> <p>Os horarios pódense consultar en: <a href="http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios/">http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios/</a></p>			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe****Código**

- A1 Que os estudiantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
- A3 Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- B1 Desenvolver a aprendizaxe autónoma, identificando as súas propias necesidades formativas e organizando e planificando as tarefas e o tempo.
- B2 Xestionar información científico-técnica de calidade utilizando fontes diversas. Analizar datos e documentos e interpretalos de forma crítica e rigorosa, incluíndo reflexións sobre a súa relevancia social e no ámbito profesional da Bioloxía.
- B4 Elaborar e redactar informes, documentos e proxectos relacionados coa Bioloxía. Proceder á súa presentación e debate no ámbito docente e especializado, poñendo de manifesto as competencias da titulación
- C7 Muestrear, caracterizar, catalogar e xestionar recursos naturais e biolóxicos (poboacións, comunidades e ecosistemas).
- C8 Describir, avaliar e planificar o medio físico, usar bioindicadores e identificar problemas ambientais. Achegar solucións para o control, seguimento e restauración dos ecosistemas.

- C12 Redactar informes e memorias técnicas, así como dirixir e executar proxectos en temas relacionados coa bioloxía e as súas aplicacións
- D3 Comprometerse coa sustentabilidade e medio ambiente. Uso de forma equitativa, responsable e eficiente dos recursos.
- D4 Colaborar e traballar en equipo ou en grupos multidisciplinares, fomentar a capacidade de negociación e de alcanzar acordos.
- D5 Comunicar de maneira eficaz e adecuada, incluíndo o uso de ferramentas dixitais e o inglés.

### **Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Recoñecer o funcionamento global do sistema terrestre.	A3	B2	C8	D3
Describir o ciclo xeolóxico.	A3	B2	C8	D3
Definir, describir e relacionar a teoría da tectónica global.	A3	B2	C8	D3 D5
Definir os principios da Xeoloxía.	A3	B2	C8	D5
Recoñecer a dimensión histórica da Xeoloxía.	A3	B2	C8	D3 D5
Identificar os procesos xeolóxicos externos e internos.	A3	B2	C7 C8	D3
Identificar os tipos fundamentais de rochas e a súa orixe.	A1	B2	C8	D4 B4 C12
Recoñecer as características morfolóbicas e sedimentarias dos ambientes terrestres, costeiros e mariños.	A3	B2	C7	D3 B4 C8 D4 C12
Relacionar os factores abióticos do medio cos seres vivos.	A1	B2	C7	D3 A3 B4 C8 D4 C12 D5
Relacionar coñecementos e técnicas propios da Xeoloxía para interpretar a cartografía.	A1	B4	C7 C12	D4
Reunir información, reproducir experimentos e mostrar os resultados no ámbito da Xeoloxía.	A3	B1	C12	D3 B2 D4 B4 D5
Recoñecer a utilidade da Xeoloxía e a súa repercusión no exercicio profesional do biólogo.	A1	B2	C12	D3 B4 D4
Definir e relacionar os conceptos, terminoloxía e instrumentación científico-técnica relativos á Xeoloxía	A1	B2	C8	D4 B4 C12

### **Contidos**

Tema	
1. Concepto e principios da Xeoloxía	A Xeoloxía como Ciencias da Terra. Xeoloxía Física e Xeoloxía Histórica. Principios fundamentais.
2. As coordenadas en Xeoloxía	A coordenada espazo. A coordenada tempo.
3. O ciclo xeolóxico	Concepto. Tipos de rochas e a súa relación co ciclo xeolóxico. O ciclo xeolóxico externo. O ciclo xeolóxico interno.
4. A atmosfera e a hidrosfera	Atmosfera: orixe, composición, estrutura e dinámica. Augas oceánicas e a súa circulación. Augas continentais; o ciclo hidrolóbico.
5. As zonas continentais	Medio glacial. Medio desértico. Sistemas aluviais. Medio lacustre.
6. As zonas costeiras	Axentes e procesos na zona costeira. Morfoloxías costeiras erosivas. Sedimentación costeira: praias, deltas, estuarios, chairas de marea.
7. As zonas mariñas e oceánicas	Morfoloxía e distribución dos fondos mariños. A plataforma continental. Arrecifes. Medios profundos.
8. Tectónica global	A deriva continental. Estrutura interna da Terra. A expansión dos fondos oceánicos.

	A tectónica de placas.
9. Prácticas	Recoñecemento de rochas e estruturas de deformación in situ.
	Cartografía básica. Introducción á cartografía xeolóxica.
	Identificación de trazos xeomorfolóxicos e ambientes sedimentarios na costa sur de Galicia.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0.5	1.5	2
Lección maxistral	27	45	72
Seminario	1	24	25
Prácticas de campo	8	3	11
Presentación	2	13	15
Prácticas de laboratorio	9	12	21
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	1	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introdutorias	Presentación da materia: horario, contidos, prácticas, avaliación.
Lección maxistral	Clases na aula sobre os conceptos e contidos fundamentais da materia. Estimularase a participación do alumnado mediante <u>preguntas, resolución en conxunto de exercicios, etc.</u>
Seminario	Elaboración dunha memoria sobre unha materia relacionada coa Xeoloxía escollida dunha lista proposta polo profesorado. O estudiantado ten a opción de escoller un tema do seu interese, pero debe ser consultado e aprobado polo claustro. Para a elaboración da devandita memoria, o alumnado recibirá o asesoramento oportuno nunha sesión presencial ao comezo do curso e mediante unha atención personalizada durante o resto do cuadri mestre.
Prácticas de campo	Saída de campo para recoñecer diferentes tipos de rochas, estruturas tectónicas e diversos medios sedimentarios. Aprender a utilizar o compás xeolóxico. Elaboración dunha memoria de actividade available, que se subirá a Moovi.
Presentación	Exposición oral dos contidos da memoria elaborada nos seminarios. O alumnado recibirá asesoramento sobre como estruturar, preparar unha exposición e presentar un traballo mediante sesións de atención personalizada.
Prácticas de laboratorio	Resolución guiada de exercicios de topografía e cartografía xeolóxica básica. Cortes xeolóxicos. Avaliación mediante un entregable para cada sesión de prácticas

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	Resolución de dúbidas mediante titorías individualizadas ou grupais, tanto presenciais como a distancia ou por correo electrónico. Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesorado por correo electrónico, coa antelación suficiente para pedir cita.
Actividades introdutorias	Resolución de dúbidas mediante titorías individualizadas. Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesorado por correo electrónico, coa antelación suficiente para pedir cita.
Prácticas de campo	Instruccións in situ para o manexo do compás xeolóxico, criterios para o recoñecemento de rochas, identificación de ambientes sedimentarios en medios actuais.
Prácticas de laboratorio	Explicación e consellos para a resolución de exercicios sinxelos de cartografía xeolóxica en pequenos grupos. Para as titorías, recomendase que os estudiantes se poñan en contacto co profesorado por correo electrónico, coa antelación suficiente para pedir cita.
Seminario	Instruccións detalladas sobre como enviar un informe. Consulta de bases de datos especializadas. Asesoramento para a elección dun tema a desenvolver na memoria. Resolución de dúbidas mediante titorías individualizadas. Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesorado por correo electrónico, coa suficiente antelación para concertar cita.
Presentación	Instruccións detalladas sobre como organizar unha exposición oral e sobre os recursos dispoñibles. Resolución de dúbidas mediante titorías personalizadas. Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesorado por correo electrónico, coa antelación suficiente para pedir cita.
Probas	Descripción

Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Instruccións detalladas sobre o contido e como enviar un informe. Presentación de datos mediante táboas e figuras. Busca información na rede. Resolución de dúbidas mediante titorías individualizadas.
Exame de preguntas de desenvolvemento	Resolución de dúbidas mediante titorías individualizadas. Recoméndase que o alumnado se poña en contacto co profesorado por correo electrónico, coa antelación suficiente para pedir cita.

## Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Avalíase a memoria escrita sobre un tema relacionado coa materia elixido por cada grupo de alumnos. Valórarse o contido, a inclusión de documentación complementaria, a presentación, gráficos, esquemas, fotografías, etc. Os criterios de avaliación axustaranse aos contidos da rúbrica do TFG proposta polo centro (non ás porcentaxes).	20	A3	B1 B2 B4	C12	D3 D4 D5
Presentación	Avalánse de xeito similar aos contidos da rúbrica do TFG que propón o centro: A estrutura e a calidad da presentación. Cómprese no tempo establecido. O uso da linguaaxe con rigor científico. A actitude durante a presentación. A calidade das respostas ás preguntas formuladas	20	A3 B4	B2 C12	C8	D3 D4 D5
Prácticas de laboratorio	A asistencia ás prácticas de laboratorio é obligatoria. Valorarase a resolución de exercicios, algúns dos cales poderán ser necesarios a súa presentación. Un entregable será avaliado ao final de cada sesión.	15	A1 A3	B2 B4	C12	D4 D5
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Avalíase a memoria escrita das actividades realizadas nas prácticas de campo que deberá subirse a Moovi antes da data sinalada, valorándose o contido, a inclusión de gráficos, esquemas, etc.	10	A3	B4	C7 C8 C12	D3 D4 D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame escrito de carácter teórico-práctico sobre os contidos fundamentais da materia.	35	A1 A3	B2 B4	C8 C12	D3

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Lémbrase que a asistencia ás actividades presenciais é obligatoria.

Como norma xeral, a avaliación na primeira oportunidade será continua. Para superar a materia será necesario acadar unha puntuación de polo menos un 40% da avaliación individual dos seminarios, da exposición e do exame de cuestiós de desenvolvemento. No caso de non acadar o devandito 40% nalgunha destas tres probas, a nota final será igual á media ponderada final, multiplicada por 0,5.

**MÉTODO DE AVALIACIÓN GLOBAL:** Deberá ser solicitado por cada alumno na forma e prazo que indique o centro. Consistirá nun único exame teórico-práctico que suporá o 100% da avaliación.

**AVALIACIÓN DE SEGUNDA OPORTUNIDADE:** Consistirá nun único exame teórico-práctico que suporá o 100% da avaliación.

O alumnado que curse esta materia está obrigado a ter un comportamento responsable e honesto (Ver Título VII da Normativa de avaliación, cualificación e calidade da ensinanza e do proceso de aprendizaxe do alumnado).

Datas das probas segundo o calendario oficial do

centro: <https://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios/> e <https://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenes/>

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Pozo, M., González, J. y Giner, J., **Geología Práctica**, 1, Pearson, 2004

Monroe, J.S., Wicander, R. y Pozo, M., **Geología. Dinámica y Evolución de la Tierra**, 4, Paraninfo, 2008

Tarbuck, E.D., Lutgens, F.K., Tasa, D., **Ciencias de la Tierra. Una introducción a la Geología Física**, 10, Pearson, 2013

Reolid, M., **La Tierra: un lugar privilegiado para la vida**, 1, Aula Magna Proyecto clave McGraw Hill, 2020

Wicander, R. & Monroe, J.S., **Geology: Earth in Perspective**, 3, CENGAGE, 2019

### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións



## **DATOS IDENTIFICATIVOS**

**Matemáticas: Matemáticas aplicadas á bioloxía**

Materia	Matemáticas: Matemáticas aplicadas á bioloxía
Código	V02G031V01104
Titulación	Grao en Bioloxía
Descritores	Creditos ECTS  6
Lingua de impartición	Castelán Galego
Departamento	Matemáticas
Coordinador/a	Sanmartín Carbón, Esperanza
Profesorado	Sanmartín Carbón, Esperanza
Correo-e	esanmart@uvigo.es
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>
Descripción xeral	O obxectivo fundamental da materia é proporcionarles aos alumnos os coñecementos matemáticos básicos que precisarán na súa formación e exercicio profesional.
	O enfoque da materia é eminentemente práctico, centrándose na comprensión e nas aplicacións dos resultados matemáticos necesarios para a resolución de problemas que se presentan na Bioloxía, polo que se establecerán os resultados, en xeral, sen demostración, aínda que se manterá un alto nivel de rigor na formulación, enunciado, análise de hipóteses e consecuencias.

## **Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
A2	Que os estudantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B1	Desenvolver a aprendizaxe autónoma, identificando as súas propias necesidades formativas e organizando e planificando as tarefas e o tempo.
B2	Xestionar información científico-técnica de calidade utilizando fontes diversas. Analizar datos e documentos e interpretalos de forma crítica e rigorosa, incluíndo reflexións sobre a súa relevancia social e no ámbito profesional da Bioloxía.
B6	Desenvolver as capacidades de análises e sínteses, de razoamento crítico e argumentación, aplicándolas en contextos propios da Bioloxía e outras disciplinas científico-técnicas.
C1	Resolver problemas aplicando o método científico, os conceptos e a terminoloxía específica da Bioloxía, os modelos matemáticos e as ferramentas estatísticas e informáticas.
C7	Muestrear, caracterizar, catalogar e xestionar recursos naturais e biolóxicos (poboacións, comunidades e ecosistemas).
C10	Identificar procesos biolóxicos e biotecnológicos e a súa posible aplicabilidade, en particular nos ámbitos sanitario, agroalimentario e ambiental.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade más xusta e igualitaria.
D5	Comunicar de maneira eficaz e adecuada, incluíndo o uso de ferramentas dixitais e o inglés.

#### **Resultados previstos na matéria**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Aplicar as técnicas básicas do álgebra lineal no ámbito da Bioloxía.	A3	B1 B2 B6	C1 C7 C10	D5
Aplicar a derivación parcial e a diferenciabilidade ao estudo dunha función.	A3	B1 B2 B6	C1 C7 C10	D5
Aplicar as técnicas básicas do cálculo integral no ámbito da Bioloxía.	A3	B1 B2 B6	C1 C7 C10	D5
Manexar algúns programas informáticos de utilidade na resolución de problemas relacionados coa materia.	A3	B1 B2 B6	C1 C10 C10	D5

Saber aplicar coñecementos e técnicas matemáticas a procesos e estudos biolóxicos e biotecnolóxicos.	A2 A3 B6	B1 B2 C7 C10	C1	D5
Analizar a información, interpretar os resultados numérica e gráficamente, e obter as conclusións.	A2 A3 B6	B1 B2 C7 C10	C1	D1 D5
Coñecer e manexar a linguaaxe matemática e a súa aplicación no ámbito de Bioloxía.	A2 A3 B6	B1 B2 C7 C10	C1	D1 D5

## Contidos

### Tema

#### TEMARIO DA MATERIA

##### 1. O ESPAZO Rn:

O espazo vectorial Rn. Matrices e determinantes. Aplicacións lineais: matriz asociada. Formas cadráticas.

##### 2. INTRODUCCIÓN AO CÁLCULO DIFERENCIAL:

Cuestións básicas de funcións reais. Derivación de funcións dunha variable. Derivadas direccionalis e derivadas parciais. Diferencial dunha función: matriz jacobiana e vector gradiente. Derivadas de orde superior. Regra da cadea. Plano tanxente. Extremos dunha función escalar.

##### 3. INTRODUCCIÓN AO CÁLCULO INTEGRAL:

Cálculo da área dunha rexión plana limitada por curvas. Teorema fundamental do cálculo integral. Primitivas.

#### TEMARIO DE PRÁCTICAS DE ORDENADOR

1. Toma de contacto co programa de cálculo MAXIMA. Álgebra lineal.

2. Funcións dunha e varias variables.

Representación gráfica e a súa interpretación.

3. Aplicacións do cálculo diferencial. Integración e as súas aplicacións.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0.5	1.5
Lección magistral	20	20	40
Resolución de problemas	18	42	60
Prácticas con apoyo das TIC	6	2	8
